



Queridas familias:

O grupo de animadores e animadoras de Ateibo poñémonos en contacto convosco para comunicarvos que o **SÁBADO, 6 DE MAIO**, participaremos na Xuntanza Autonómica do Itinerario de Educación na Fe. Celébranse na mesma data e lugar as Xuntanzas de Saltimbanquis, Andaina e ADS. Serán en **A Coruña**.

Con esta actividade, que se fai todos os anos, pretendemos que os nenos e nenas dos diferentes lugares teñan un día de convivencia e descubran que hai máis nenos e nenas que están na mesma agrupación en diferentes cidades e se coñezan de cara á **Acampada/Campamento de Verán**.

Así pois, como noutras ocasións, animámosvos a que invitedes aos/as vosos/as fillos/as a participar nesta actividade e que calquera dúbida ou cuestión que creades oportuno aclarar nola consultedes.

Estes son os datos xerais da Xuntanza:

HORARIO: Saída: Sábado, 6 de maio, ás 9:30 h.

Regreso: Sábado, 6 de maio ás 19:00 h, aproximadamente.

LUGAR: A Coruña

LEVAR: comida e merenda para o sábado, auga, roupa e calzado cómodo para camiñar, o pano, chubasqueiro

PREZO: 20 euros.

DATA LÍMITE DE ENTREGA DA AUTORIZACIÓN: mércores, 3 de maio (mellor se pode ser antes).

Para calquera dúbida que teñades podedes falar cos/as coordinadores/as dos grupos.

Para temas de autobús e organización da Xuntanza, por favor entregade a autorización e maila cota como moi tarde o mércores, 3 de maio.

Dado que esta semana imos a participar nas Xuntanzas, o **VENRES, 5 DE MAIO**, **NON** haberá actividade de Saltimbanquis, Andaina nin ADS.

Un saúdo dos/as animadores/as de Ateibo

✍

AUTORIZACIÓN XUNTANZA AUTONÓMICA

Eu _____ con DNI _____, pai/nai/titor/titora de _____, que é do grupo de Saltimbanquis, autorízoo a participar na **XUNTANZA AUTONÓMICA DO ITINERARIO DE EDUCACIÓN NA FE** que terá lugar en A Coruña o día 6 de Maio de 2023.

Teléfono/os de contacto: _____

Observacións: _____

Sinatura: _____

